



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 30 de outubro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDESA-PRESIDENTA EN FUNCIONS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de non Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 30 de outubro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 23/10/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/4903

Dáse conta do decreto 102/2017 do 19 de outubro, da Consellería de Presidencia de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de outubro do 2017. A Xunta de Goberno Local queda sabedora das axudas destinadas ás entidades locais convocadas polo citado decreto.

Dar conta do decreto ó encargado do Servizo de Emerxencias e Protección Civil(Francisco Busto).

PRP2017/4905

Vista a proposta do Concelleiro da Area de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colocación dun espello na baixada do Camiño de rúa Sentín, buscando a visión dos vehículos que circulan en sentido Sentín a rúa Perrón.

Dar conta á Policía Local e o Responsable de sinalización (Mario Vázquez)

PRP2017/4906

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a Tradesegur S.A. os análises de drogas realizados en controis policiais polo período dun ano, cun prezo de 45,00€ por análise. Sendo aproximadamente a facturación trimestral (300,00€ trimestre). Coa seguinte desagregación e con cargo á partida 132-22799:

2017 (novembro-décembro): 200,00€

2018 (xaneiro a outubro): 1.000,00€



PRP2017/4907

Dáse conta do escrito presentado por **Federación de Alcohólicos Rehabilitados de Galicia**, solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza da II República, o día 15 de novembro de 2017.

Visto o informe da Policía Local acordase autorizar a instalación de dúas carpas de 3x3, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4908

Dáse conta do escrito presentado por **Alcohólicos Rehabilitados Arousa**, solicitando autorización para instalar unha carpa informativa na Praza de Galicia o día 15 de novembro, de 10 a 14 horas, con motivo da celebración do "Día Internacional sin Alcohol"

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4909

Dáse conta do escrito de Dona Rocío Louzán Blanco e/n **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa Zona Aberta**, solicitando unha reunión co Concelleiro de Deportes, Concelleiro de Comercio, Policía Local e Protección Civil, con motivo da VI Media Maratón Solidaria que se celebrará o vindeiro 26 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitirlle o informe da Policía Local emitido con motivo da citada Media Maratón, no que se expoñen as súas características, xunto cos medios persoais e materiais necesarios para o desenvolvemento da mesma.



PRP2017/4910

Vista a proposta da Policía Local a Xunta de Goberno acorda aprobar a ampliación da parada de autobús á altura do nº 15 da Rúa San José, para facilitar que este ocupe a reserva, que neste momento é insuficiente, e colocar na última praza un estacionamento de bicicletas ou motos que facilite a visibilidade do cruce de peóns e da saída do carril de Mulatas.

Dar conta á Policía Local e ao Responsable de Sinalización (Mario Vázquez)

PRP2017/4911

Dáse conta do escrito presentado por María Araujo Rey e/n **Asociación Galega de Linfedema**, solicitando autorización para instalar unha carpa informativa na Praza de Galicia o día 08 de decembro, de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4912

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Luisa Arroyo Euba, en representación da **AA. Española contra o Cancro**, solicitando autorización para instalar unha carpa e catro mesas na Praza de Galicia o día 19 de outubro de 2017.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2017/4913

Visto o escrito de **Dona Faustina Lafuente Vidal**, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros o día 1 de novembro de 2017, nas inmediacións do cemiterio de Carril . Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada a ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€..
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/4915

Visto o escrito de **D. José Miguel Vázquez Paz**, solicitando diverso material para realización dunha xornada lúdico creativa (de carácter ficticio) para 500 nenos denominada “D’FESTA KIDS”, A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración municipal coa cesión de 200 vallas, 75 sillas, 10 mesas de dous metros, 3 canastas pequenas, 3 porterías de fútbol sala, 1 sistema de megafonía, 3 bandeiras (España, Galicia e Vilagarcía) 1 palco, 4 contenedores e 40 paneles de publicidade.

PRP2017/4917

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local aprobar o gasto por importe total de 1.458,88€ para a obra de “Reparación do Canellón na Praza da Liberdade en Carril”. Coa seguinte desagregación:

Intermaco, S.L. por subministro de material por importe de 557,57€.

Procesos de Función, por importe de 196,46€.

Aridos del Umia, S.A., por importe de 612,89€

Baygar, S.L., por importe de 91,96€

Con cargo á partida 161-213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/4919

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local aprobar o gasto por importe total de 3.019,94€ para facer un bombeo para a evacuación das augas sucias de baño e cociña no baixo do Centro Cultural de Faxilde. Coa seguinte desagregación:

Intermaco, S.L., por importe de 320,44€.

KilovatioGalicia, por importe de 2.699,50€.

Con cargo á partida 334-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2017/4920

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para a reparación do vehículo, matrícula 9994-BLV adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 969,55€ (IVE incluído), con cargo á partida 453.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/5027

Vista a solicitude de **Zara España, S.A.**, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a instalación dun colector de entullos nas proximidades do local (Praza Galicia) cunha superficie aproximada de 10 m² do día 03-11-2017 ao 24-11-2017.

Así mesmo autorizase o acceso para súa instalación cun camión de mais de 3.500kg.

Faise constar que xa está depositada unha fianza de 1.000,00€ polos danos que puidesen causar no pavimento.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Sanidade

PRP2017/4932

Vista a proposta da Concellería de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **A&B Laboratorios de Biotecnología S.A.U.**, para o subministro de materiais para os Cemiterios Municipais de Carril e Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 434,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/4940

Dáse conta da ampliación do período de operatividade do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Vilagarcía para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais ata o 30 de novembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/4941

Dáse conta do requirimento de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo-terrestre na Praia de Compostela no T.M. de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se tratou dunha incidencia puntual.



PRP2017/4942

Dáse conta do requirimento de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio publico marítimo-terrestre na Praia do Preguntoiro no T.M. de Vilagarcía de Arousa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se tratou dunha incidencia puntual.

PRP2017/4943

Dáse conta do requirimento de Augas de Galicia en relación cun vertido de augas residuais ao dominio publico marítimo-terrestre no Porto Deportivo no T.M. de Vilagarcía de Arousa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se tratou dunha incidencia puntual.

PRP2017/4950

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais de concesión de subvención á **Comunidade de Montes en Man Común de Loenzo de Arriba e Abaixo** dentro do programa a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinada a defensa contra incendios e protección de montes do Concello de Vilagarcía 2017 a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de unha axuda á Comunidade de Montes en Man Común de Loenzo de Arriba e Abaixo por importe de 5.719€, con cargo á partida 170-489.

PRP2017/4952

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais de concesión de subvención á **Comisión de Montes en Man Común da Parroquia de Bamio** dentro do programa a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinada a defensa contra incendios e protección de montes do Concello de Vilagarcía 2017 a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de unha axuda á Comisión de Montes en Man Común da Parroquia de Bamio por importe de 5.544€, con cargo á partida 170-489.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/4956

Vista a solicitude de **D. Juan Ramón Carballo García**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 4 de novembro de 2017, para a presentación do disco-libro "Asuntos pendentes", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas) e aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Acórdase a colaboración coa impresión de carteis para difusión da actividade e 2 carteis xigantes para a colocación nos expositores na rúa Rei Daviña situados diante do Salón García.



PRP2017/4962

Vista a solicitude de **D. Alfonso R. González Gallego Presidente Comarcal de Cruz Roja**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, os días 11 e 18 de novembro de 2017, en horario de 09:00 a 14:00 horas, para a impartición do curso de formación de primeiros auxilios en bebés e nenos, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/4963

Vista a solicitude de Dona Ana M^a Cores Meixús presidenta da **Asociación de Amas de Casa e Consumidores “O Noso Lar”**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 19 de novembro de 2017, durante todo o día, para a celebración de un festival benéfico para Cáritas Interparroquial, a actividade é para todo o público tendo un prezo único de 3€.

Deberá asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOPP 29 de setembro de 2017) e que figura publicada na web municipal.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo da sala (754 butacas), deberá aportar póliza de responsabilidade civil e accidentes, así como copia compulsada do último recibo abonado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

Así mesmo acórdase a colaboración municipal coa impresión de carteis e entradas, e un cartel grande para plotter.

PRP2017/4966

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto da contratación dun grupo de gaitas “Asociación Cultural Malveiras” solicitada por D. José Carlos Da Silva Renda presidente da **Asociación Círculo Artístico e Deportivo Gato Negro**, para celebrar un magosto o día 31 de outubro e o día do socio o día 17 de novembro de 2017, por importe de 450,00€ con cargo á partida 334-22609, debendo figurar a factura da actuación a nome do Concello.

PRP2017/4967

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Cine Clube Ádega** para proxeccións de distintas películas durante todo o ano 2017 (dous días mércores, durante todos os meses), por un importe total de 3.091,00€, con cargo á partida 334.489.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/4964

Tramítase neste Concello a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar o contrato denominado “Subministro e instalación de diverso equipamento para o mercado municipal de abastos de Vilagarcía de Arousa” cun orzamento de licitación de 62.678,00 € (IVE engadido) (Expte.: CT-71/2017-e).

A través da citada plataforma remitiuse invitación ás empresas: D. Felix Ruibal Castro, don Isidro Fernández Portas e don Jose Luis Iglesias Martínez, dándolle publicidade a través da Plataforma de Licitación Electrónica, consultando e accedendo ao citada licitación as seguintes empresas: Infobarna, S.A.; Ttalekip España; WWR International Eurolab, S.L.; Intertec, S.L.; Comercial Felix Acuña, S.L.; Pluri Trading Ibérica, S.L.; Higradesur; Metalundia, S.L.; Infonalia España; Europalet; Creaciones Pachi, S.L.; Hermex Ibérica, S.A.; Distribuciones cimadevila; Inegrapmc, S.L. Benito Urban, S.L.U.; Sanaba Soc. Saneamento e Abst. De Aguas, Lda.; Neolarser, S.L. e Ofintegral, S.L.L.

Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Felix Ruibal Castro	49.200,00€	10.332,00€	59.532,00€

De conformidade co establecido nos pregos que rexen a licitación, procedeuse á apertura do prazo de negociación do contrato, durante o que non se presentou oferta mellorada.

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación establecido no prego de cláusulas administrativas particulares resulta a seguinte clasificación:

Licitador	Puntos oferta económica	Total Puntos
Felix Ruibal Castro	100	100

Visto o que antecede, á Xunta de Goberno Local acorda

1.- Adxudicar o contrato de obras denominado “Subministro e instalación de diverso equipamento para o mercado municipal de abastos de Vilagarcía de Arousa” á don Felix Ruibal Castro (52496285G), por importe (IVE excluído) de 49.200,00€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 10.332,00€ o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 59.532,00€; de conformidade coa súa oferta.

PRP2017/4965

Tramítase neste Concello a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), expediente de contratación, para adxudicar o contrato menor de obras denominado “Formación de paso de peóns elevado rúa Armando Cotarelo. Sobradelo” cun orzamento de licitación de 5.935,60 € (IVE engadido) (Expte.: CT-77/2017-e).

Durante o prazo de presentación de ofertas presentáronse as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	3.953,06€	830,14€	4.783,20€



Nemesio Ordóñez, S.A.	3.875,91€	813,94€	4.689,85€
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	4.000,00€	840,00€	4.840,00€

Sendo o único criterio de adjudicación do contrato, o prezo, a orde decrecente das ofertas é a seguinte:

Licitador	Total Prezo
Nemesio Ordóñez, S.A.	4.689,85€
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	4.783,20€
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	4.840,00€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda

1.- Adjudicar o contrato de obras denominado "Formación de paso de peóns elevado rúa Armando Cotarelo. Sobradelo" á empresa Nemesio Ordóñez, S.A. (A15146608), por importe (IVE excluído) de 3.875,91€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 813,94€ o que totaliza un prezo de adjudicación (IVE engadido) de 4.689,85€; de conformidade coa súa oferta.

PRP2017/4968

A Xunta de Goberno Local autoriza a sinatura da prórroga do programa de rexeneración e renovación urbana do Plan Estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 (ARI), entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestructuras e Vivenda e o Concello de Vilagarcía de Arousa. (Orde de 23 de xuño de 2017, artigo 2).

PRP2017/4969

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo a Xunta de Goberno Local acorda designar ao arquitecto municipal Xoan Xosé Rodríguez Cuiña responsable do contrato "Reparación de Farolas tipo Villa nas Rúas Castelao, Edelmiro Trillo, Contorno da Alameda e Praza Ravella."

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/5009

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 30 de setembro de 2017, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €."



PRP2017/5010

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de setembro de 2017, por un importe total de 4.180,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	110	660
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	6	110	660
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	6	110	660
D. TOMÁS FOLE DÍAZ	2	110	220
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	1	110	110
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	1	110	110
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	2	110	220
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	2	110	220
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	2	110	220
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	2	110	220
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	1	110	110
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	2	110	220
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	1	110	110
TOTAL			4.180,00

PRP2017/5026

A Xunta de Goberno Local acorda requirir a devolución do pago efectuado en concepto de subvención deportiva extraordinaria ao Club Deportivo de Bamio-Torneo Fútbol 7 Bamio 2016, debido ao erro material consistente en duplicidade no pago por importe de 212,84 € en concepto de principal e 1,79€ en concepto de xuros o que da un importe de 214,63 euros que deberá ser ingresado ao Concello, e conceder un prazo ao devandito Clube para formular alegacións de 15 días a contar dende a notificación do presente acordo.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.